

## **Cuestións de preparación e reflexión.**

### **¿Que son: socrática ou sofista?**

1. ¿Quen fai o mal faino sen querer realmente, sen saber, por ignorancia?, ¿quen fai o mal debe ser castigado?, ¿ou deberíaselle educar para aprender a facer o ben?, ¿as prisións deberían ser como as escolas?
2. ¿Consideras que se podería atopar unha definición xeral dos termos éticos, como, por exemplo, o de *xustiza*?, ¿sería posible aportar unha definición xeral dos conceptos morais do mesmo xeito que se pode definir con carácter xeral o que é un triángulo, por exemplo?, ¿resulta posible falar univocamente de *xustiza*, de *bondade*, ou da *Xustiza* ou *Bondade* con maiúsculas?
3. ¿Pensas que existen valores e normas de carácter universal, isto é, válidas para toda sociedade e para calquera época?, ¿ou consideras que as normas e os valores son relativos a cada cultura e a cada tempo?
4. ¿Unha norma de conduta pode ser boa e mala á vez, quero decir, ser considerada como boa nunha sociedade ou tempo e ser considerada como mala noutra sociedade e época diferente?
5. ¿Unha mesma acción podería ser xuzgada como correcta por uns individuos ou sociedades e como incorrecta por outros individuos ou sociedades?